



SUMAR PARA >> AVANZAR

Estimada compañeira,
Estimado compañeiro,

Decidín dar o paso para presentarme a estas primarias co obxectivo de que recuperemos a ilusión, o orgullo e a esperanza de ser a alternativa política en Galicia. É para iso que quero pedir o teu apoio para ser o próximo Secretario Xeral do PSdeG PSOE.

Vimos de celebrar en Valencia o que foi o congreso da unidade e da reactivación do ideario socialista. Agora en Galicia tamén debemos traballar en prol da unidade porque neste partido todas as persoas somos necesarias. Temos que ser capaces de sumar dentro para gañar fóra.

O PSOE foi sempre o partido dos dereitos, das liberdades e dos avances sociais. Temos unha oportunidade única co goberno de Pedro Sánchez en Madrid, con 3 deputacións en Galicia, con máis de 100 alcaldías socialistas e máis de 1.100 concelleiros e concelleiras, e co traballo de moitos e moitas militantes que, desde a oposición, levan a nosa voz a todos os concellos do noso País.

Por iso, o PSdeG non pode resignarse a ser o furgón de cola da política galega. Temos que ter a ambición de gañar as eleccións en Galicia para transformar a vida das persoas, sendo un instrumento útil para a sociedade.

Chegou o momento de sumar. Sumar para avanzar. Facer un partido forte no que todos e todas teñamos algo que dicir. É preciso que fortalezcamos o noso partido, que recuperemos o pulso da sociedade. Por iso proponho que fagamos unha conferencia política que relance o noso proxecto.

Tamén é necesario que respectemos os procesos internos de participación, para que toda a militancia teña voz e poida ser escoitada. Proponho que os procesos de primarias sexan convocados con tempo suficiente para que ninguén poda facer primarias a medida e que os e as militantes que queiran dar un paso, o podan facer con todas as garantías. As primarias non nos poden dar medo, ao contrario, debemos vivilas con normalidade e como unha oportunidade de fortalecer o partido.

Eu quero un PSdeG que recupere o debate político, os temas de país, que non cave trincheiras entre a nosa militancia, que teña amplitude de miras, que conte con todas e todos e quero un PSdeG en positivo. Que sume para avanzar.



SUMAR PARA >> AVANZAR

O próximo sábado 30 de outubro toda a militancia está chamada a escoller entre a resignación e a ilusión, entre o inmovilismo e a esperanza de que se pode construír unha alternativa ao goberno de Feijóo. Temos que escoller entre continuar a ser irrelevantes no Parlamento de Galicia ou colocar ao PSdeG no lugar que merece. Entre quedarnos como estamos ou que sumemos para que Galicia avance.

Esa é a decisión que temos que tomar e para iso pido a túa confianza, para liderar un novo PSdeG no que todos e todas teñamos voz e que nos leve a gañar as eleccións autonómicas.

Imos facer xuntos este ilusionante camiño. Preciso de ti.

Unha afectuosa aperta,
Valentín González Formoso

